

NOME DA ACTIVIDADE (ficha profesorado)

- **Busco alguén**

TIPO DE ACTIVIDADE

- **ACTIVIDADE DE DESINHIBICIÓN**

PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE

- **EN GRUPO**

DURACIÓN

- **ENTRE 20 E 40 MINUTOS**

CONTIDOS QUE SE TRABALLAN

- Preguntas e respostas de información persoal e presentación ante outras persoas.
- Léxico dos ámbitos fixados na tarxeta da actividade.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Que o alumnado coñeza os nomes das compañeiras e compañeiros do grupo e practique fórmulas de presentación, preguntas persoais, etc.
- Que o alumnado lle perda o medo de intervir na aula e activar o grupo para o comezo das sesións.

ORIENTACIÓNS E CUESTIÓNS QUE CÓMPRE TER EN CONTA

- É importante facer unha posta en común e tamén ir comentando as semellanzas e diferenzas entre as participantes.
- É interesante que se comuniquen entre todos e todas, non só cunha persoa.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Cada participante ten unha tarxeta onde se lle pide que sinala cousas de tipo persoal, é importante que non sexan datos moi íntimos senón aspectos moi evidentes e obxectivos, como o *número de calzado*, *cor de ollos*...

Despois de presentarlles o xogo a todas as participantes, deixaráselles uns segundos para que lean a tarxeta e a cubran.

Despois teñen que comunicarse entre elas e eles e ir descubrindo cousas en común e diferenzas. Poderán ir sinalando nas tarxetas os nomes das compañeiras e compañeiros coas que falan en cada apartado.

MATERIAIS PARA A FICHA

Busco alguén que...

... **teña** o mesmo número de calzado **ca min**:

... **teña** a mesma procedencia **ca min**:

... **teña** os mesmos pasatempos **ca min**:

... celebre o seu aniversario o mesmo mes **ca min**:

... teña unha tatuaxe:

... **comparta** o mesmo lugar de vacacións **ca min**:

... practique o mesmo deporte **ca min**:

... lle guste o mesmo programa de televisión **ca a min**:

Busco alguén que teña o mesmo / a mesma... ca min

Busco alguén co / coa que comparto...